

FANZINE

Verbas encadeadas

Decembro 2019

N.º 1

Índice

01 Características	2
02 Macamen	3
03 Elisabeth	4
04 Eva	5
05 Lola	6
06 Sofía	7
07 Esther	8
08 Víctor	9
09 Lourdes	10
10 Víctor	11
11 Sofía	12
12 María	13

01 Características

Macamen

Microrrelato de 20 palabras (exactas) que teña a palabra PROPÓSITOS.

Prazo: 31 de decembro.

02 Macamen

31 de decembro

Lista de propósitos. Subpropósitos e anexos ós propósitos.

31 de xaneiro: despropósitos.

A miña vida non progresa.

03 Elisabeth

Nunca fixen listas de propósitos.

Decidino un día, facendo o reconto dos que non cumpría. Dende aquela, non volvín fallarme.

04 Eva

O único bo de atragoar coa duodécima uva é que quedou liberada dos propósitos que levaba corenta anos sen cumprir.

05 Lola

Buff xa é día trinta de decembro e teño o propósito de escribir vinte palabras antes do trinta e un.

06 Sofia

Desatou a corda. Baixou da cadeira. A inesperada visita truncáballe o plan. Ensaizou un sorriso, o derradeiro propósito quedaba posposto.

07 Esther

Propósitos animais:

O gato quiere durmir máis.

O can quiere atrapar ao gato.

A cadela quiere as salchichas do can.

08 Víctor

Esperta o brote enchido de novos propósitos disposto a recoller as bágoas dos que non van ser cumpridos, coma sempre.

09 Lourdes

É 31!

Debería redactar ese microrrelato dos propósitos... Pero non teño ganas... Vou ter que facerme o propósito de escribilo!


10 Víctor

Os anos entrantes son depósitos de vellos e novos propósitos mudados en postpropósitos cando disimulas usando apósitos para ir tirando.

11 Sofía

A miña proposta para este novo ano é propoñervos que vaíamos no taxi de Manola ao leito invisible do mar a celebrar unha festa. Levaremos unha pota chea de palabras e volveremos nun paraugas verde pilotado por un sereo que vixía que nos sigamos poetizando.

12 María



FIN